

Vistas as bases da convocatoria de axudas a través de incentivos a contratación por conta allea dos alumnos/as participantes no obradoiro dual de emprego “Val do Tea”

CONVOCATORIA DE AXUDAS DIRIXIDAS A EMPRESAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “ VAL DO TEA”

I.- Obxecto e finalidade da convocatoria.

Convócase a concesión de subvencións por parte do Concello de Ponteareas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do Obradoiro Dual de Emprego “Val do Tea” de acordo co disposto no artigo 15 da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os Obradoiros Duais de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 38 de 22 de febreiro 2024).

Na resolución de concesión da subvención do Obradoiro dual de emprego “Val do Tea ” de data 27/05/2024 da xefatura territorial de Vigo da consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, consta unha asignación para incentivos á contratación laboral por importe de 9.000,00 €, motivo polo que non se atopan recollidas estas axudas no Plan Especial de Subvencións.

O obxecto desta convocatoria é incentivar ás empresas e persoas emprendedoras que contraten por conta allea ás persoas desempregadas participantes do Obradoiro Dual de Emprego “Val do Tea”.

A finalidade das axudas é facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes nos obradoiros duais de emprego, financiados a través da convocatoria 2024 de axudas e subvencións para os Obradoiros Duais de Emprego, pertencente á consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

As contratacións que se benefician desta convocatoria terán unha duración mínima de 3 meses a xornada completa, deberán reunir os requisitos establecidos nas presentes bases e terán que formalizarse dentro dos 15 días seguintes á finalización do obradoiro dual que remata o 12/09/2025.

Estas axudas están amparadas no réxime de axuda de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, de 24 de decembro de 2013).

II.- Importe e aplicación orzamentaria

A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 9.000,00 euros correspondente a seis contratos, tres para a área de Albanalería e tres para a área de xardinería-carpintería. Estas actuacións van con cargo a partida orzamentaria 2025 / 0 / 24100 / 4700002 / 01.

Os contratos incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

III.- Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación



1. Poderán ser beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas (traballadoras/es autónomas/os), as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que presten servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Galicia e que desenvolvan actividades que estean directamente relacionadas coa formación impartida no Obradoiro Dual de Emprego “Val do Tea” dentro das especialidades:

- ALBANALERÍA
- XARDINERÍA-CARPINTERÍA

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que vai aplicarse para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiaria/o. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte de esta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vencelladas ou dependentes de calquera delas.

3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas nesta convocatoria as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso salvo que neste adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non estar ao corrente das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.



i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ser ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, en tanto non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. No poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións no orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, de 4 de agosto.

5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitante de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiaria realizarase mediante declaración responsable segundo modelo do anexo II.

IV.- Contía dos incentivos, incompatibilidades e concorrancia

1. Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500,00 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

2. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrancia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custe salarial das mensualidades obxecto de subvención.

3. As subvencións outorgadas ao abeiro desta convocatoria serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento do emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

4. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrancia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

V.- Exclusiones

Exclúense dos beneficios regulados nesta convocatoria:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadoras ou traballadores para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

2. Os contratos realizados co/coa cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un solo familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.



3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestan servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de relevo ou de relevo por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás que a persoa solicitante dos beneficios sucedera en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

VI.- Solicitudes, documentación e prazo.

1. As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables deberán presentarse no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial provincia Pontevedra (BOPPO).

2. As solicitudes de axudas (anexo I) dirixiranse ao Alcadesa do Concello de Ponteareas e presentaranse por vía telemática a través da Sede Electrónica do concello, accesible a través da ligazón <https://concellodeponteareas.sedelectronica.gal>. Para a presentación de solicitude por medios electrónicos, é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.

A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causa inadmisíbel da solicitude.

3. Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación dos procedementos previstos nestas bases, deberán ser realizados a través da Sede Electrónica.

4. As solicitudes deberán presentarse pola persoa interesada, ou por quen ostente a súa representación, e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Modelo normalizado "Solicitude" que figura como anexo I a esta convocatoria.
- b) Copia do DNI, NIE ou NIF da entidade.
- c) Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación (certificados de nomeamento, apoderamentos, etc.).
- d) Declaración responsable e autorizacións segundo os modelos do anexo II
- e) unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións segundo o modelo do anexo III.
- f) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- g) Certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas coa administración tributaria AEAT, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia.

A Administración poderá demandar das entidades a documentación que considere oportuna para ampliar a súa información a efectos da concesión de subvencións.

VII.- Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

1. A instrución do procedemento de concesión destas axudas corresponde á concellaría delegada en materia de Emprego que terá carácter de órgano instructor ós efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.



2. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria non ten a consideración de concorrencia competitiva, xa que, segundo a finalidade e obxecto do programa, non é necesaria a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senon que a concesión da axuda realizarase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos segundo a orde de presentación ata o esgotamento do crédito orzamentario.
3. O órgano instructor realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución.
4. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia de datos da solicitude e/o una documentación presentada, o órgano instructor requirirá ao interesado que enmende a falta ou aporte os documentos precisos nun prazo máximo de dez días hábiles, indicándolle que se non o fai, terase por desistida a súa solicitude.
5. O órgano instructor fará un informe-proposta indicando os posibles beneficiarios para a súa elevación ao órgano competente. O prazo para resolver e notificar a resolución será de 1 mes, que se computará dende a data de finalización do prazo de presentación das solicitudes. Transcorrido dito prazo sen que se dite resolución expresa, se entenderá desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.
6. Publicada a resolución, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días hábiles para presentar alegacións e unha vez examinadas éstas, formularase a proposta de resolución definitiva para que no prazo de dez días comuniquen a súa aceptación. Transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tácitamente aceptada.
7. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

VIII.- Modificación da Resolución de Concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención corrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, eventualmente, a súa revogación.

IX.- Xustificación e pagamento.

1. Concedidas e notificadas as axudas, e rematado o período de contratación estipulado, faranse efectivas éstas nun pagamento único unha vez xustificado o cumprimento do obxecto que determinou a súa concesión.
2. Unha vez transcorrido o período de 3 meses dende que se iniciaron os contratos, deberá presentarse a xustificación para o pagamento por parte da entidade beneficiaria no prazo máximo de 20 días hábiles, cos seguintes documentos a través da Sede Electrónica
 - a) Modelo de xustificación e solicitude de pagamento (anexo IV).
 - b) Copia dos contratos de traballo.
 - c) Xustificantes de alta e baixa na Seguridade Social das/os traballadoras/es; se estes seguen prestando servizos na empresa pasados os tres meses, certificado da empresa neste sentido.
 - d) Documento bancario acreditativo do ingreso do salario ao traballador/a.



- e) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo III.
- f) Certificados da empresa beneficiaria de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e coa administración pública da comunidade autónoma.

3. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano outorgante poderá conceder unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste, sempre e cando sexa solicitado polo interesado con 5 días hábiles de antelación ao remate do prazo de xustificación. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

4. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

X.- Obrigas das entidades beneficiarias.

1.As entidades ás que se conceda a subvención estarán obrigadas a:

a. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego “VAL DO TEA”.

b. Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención, mantendo no seu cadro de persoal á persoa contratada polo período de duración comprometido na solicitude a xornada completa.

No caso de extinción do contrato de traballo polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período comprometido, a empresa deberá comunicar esta circunstancia ao Concello de Ponteareas, no prazo de sete días naturais dende que se produza, para promover o seu relevo en iguais condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no Obradoiro Dual de Emprego, que non foran contratadas previamente. Nestes casos, a cobertura do posto por un/unha novo/a traballador/a, deberá terse producido ou producirse dentro dos trinta días naturais seguintes ao cesamento, e por un período de tempo equivalente ao que restase para o remate do período estipulado inicialmente. De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria disporá dun prazo de sete días naturais, que contarán dende o remate do prazo que ten para a nova contratación, para comunicar ao Concello de Ponteareas esta nova contratación, acreditando:

-O contrato de traballo da persoa contratada inicialmente inscrito na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego e declaración responsable da causa da extinción contractual.

-Baixa da persoa contratada inicialmente.

-Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.

-Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado ao Servizo Público de Emprego.

2. Como consecuencia da contratación pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o



cálculo do incremento do persoal non se computaran as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexa declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciron por dimisión da persoas traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.

3. En caso de que non se proceda á cobertura da vacante do xeito sinalado a entidade beneficiaria perderá o dereito a percibir a axuda.

4. Xustificar ante o Concello de Ponteareas cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade, aportar a documentación requirida, e someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Ponteareas.

5. Comunicar ao órgano outorgante calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto que se subvenciona con este programa.

6. Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

7. Conservar os documentos xustificativos relativos á axuda, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

8. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida, axustarse ao disposto nas bases segunda e terceira desta convocatoria, e realizarse na categoría profesional correspondente en virtude da normativa laboral aplicable.

9. Todas as comunicacións e aportacións de documentación derivadas deste procedemento, deberán realizarse a través da Sede Electrónica.

XI.- Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro.

1. Procederá á perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos intereses de demora correspondentes dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde o orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As obrigas de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, de 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial, e polo tanto, non se realizará o pagamento total dos incentivos, cando a persoa traballadora subvencionada cesara na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituílo.

XII.- Devolución voluntaria da subvención.

1. As entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta do Concello de Ponteareas, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano outorgante copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.



3. Cando se produza a devolución voluntaria a Administración calculará os intereses de demora de acordo co previsto na lexislación vixente.

XIII.- Protección de Datos.

Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada da autorización ao Concello de Ponteareas para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida. De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei.

XIV.- Seguimento e control

Os/as solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarios/as e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos/as ao control, comprobación e inspección do Concello de Ponteareas que comportará á realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da axuda, así como para a avaliación deste programa.

Ademais facilitaránlle á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

XV.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da axuda concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Visto o informe de asesoría xurídica de data 07/09/2025

Vista a proposta da concelleiraa delegada de Formación e Emprego de data 04/09/2025

Visto inrome da interventora 08/09/2025

Vista a retención de crédito municipal de data 08/09/25

Esta Alcaldía en base as competencias establecidas pola lexislación vixente,

RESOLVE:

1º) Aprobar as bvases da convocatoria de axudas a través de incentivos a contratación por conta allea dos/as alumnos/as participantes no obradoiro de emprego dual “Val Do Tea”, tal e como figuran redactadas.

2º) Ordenar ao departamento CDL que remita o texto das bases a Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS), para que está publique no BOPPO correspondente o extracto da convocatoria, así como no taboleiro e na páxina web do concello.

3º) Silmultaneamente abrir a convocatoria por un prazo de un mes, a contar dende o día seguinte a publicación do anuncio no citado Boletín Oficial, para que as empresas interesadas presentes solicitudes.

Mándao e asínao a Sra. Alcaldesa Nava Castro Domínguez



Documento asinado electrónicamente



ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS A TRAVÉS DOS INCENTIVOS Á CONTRTACIÓN POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO VAL DO TEA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	
CIF/NIF	TELÉFONO
ENDEREZO	
CORREO ELECTRÓNICO	
ACTIVIDADE	

DATOS DE PERSOA REPRESENTANTE acreditar a representación por calquera medio admitido en dereito

NOME E APELIDOS	
NIF	TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO	
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN	

DATOS BANCARIOS

TITULAR DA CONTA
Nº CONTA (24 díxitos)

SOLICITA unha axuda para a contratación por 3 meses xornada completa de _____ persoas alumnas do obradoiro dual de emprego "Val do Tea" da especialidade de:

- ☐ ALBANALERÍA
☐ XARDINERÍA-CARPINTERÍA

Achegando a seguinte documentación:

- ☐ DNI, NIF ou NIE e poder suficiente para actuar en nome da empresa.
☐ Certificado de conta bancaria
☐ Documento que acredite a capacidade da persoa que actúa como representante legal
☐ Certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas coa administración tributaria, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia (ou consentemento expreso de comprobación).
☐ Declaración asinada Anexo II
☐ Declaración asinada Anexo III

CONSENTAMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS (se non se aportan os certificados actualizados)

Estar ao corrente coa AEAT	☐ SI	☐ NON
Estas ao corrente de pagamento con ATRIGA	☐ SI	☐ NON
Estar ao corrente de pagamento coa Seguridade Social	☐ SI	☐ NON

Sinatura, lugar e data

Sra. Alcaldesa do Concello de Ponteareas



ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA AILEA DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO VAL DO TEA
--

A PERSOA OU ENTIDAD SOLICITANTE DECLARA:

1. Que son certos cantos datos figuran nesta solicitude, que coñece as estipulacións desta convocatoria e que cumpre cos requisitos nela sinalados.
2. Que posue a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir coas condición desta axuda
3. Que o persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes da publicación desta convocatoria é de traballadores.
4. Que a empresa con CIF/NIF
Non incorre en ninguna das prohibicións recollidas nos números 3 e 4 da base III Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación da convocatoria de axudas dirixidas a empresas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego "VAL DO TEA"

Sinatura, lugar e data

Sra Alcaldesa do Concello de Ponteareas



ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE AXUDAS EN RELACION AOS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO VAL DO TEA
--

EN RELACIÓN CON OTRAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ninguna outra axuda para a mesma finalidade para a que se solicita a subvención
- ☐ Sí, solicitou ou se lle concedeu algunha outra axuda para a mesma finalidade para a que se solicita a subvención.

Axuda solicitada ou concedida _____

Entidade _____ Importe _____ Data _____

AXUDAS DE MÍNIMIS

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda de mínimos para a mesma finalidade para a que se solicita a subvención
- ☐ Sí, solicitou ou se lle concedeu algunha outra axuda de mínimos para a mesma finalidade para a que se solicita a subvención.

Axuda solicitada ou concedida _____

Entidade _____ Importe _____ Data _____

Sinatura, lugar e data

Sra. Alcaldesa do Concello de Ponteareas



ANEXO IV

MODELO DE XUSTIFICACIÓN E SOLICITUDE DE PAGAMENTO DE AXUDAS EN RELACIÓN AOS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO VAL DO TEA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	
CIF/NIF	TELÉFONO
ENDEREZO	
CORREO ELECTRÓNICO	
ACTIVIDADE	

DATOS DE PERSOA REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS	
NIF	TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO	

Declara

Que para a xustificación e pagamento da subvención acredita o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda coa presentación da seguinte documentación:

- ☐ Copia dos contratos de traballo obxecto da subvención
- ☐ Documentación acreditativa da alta na Seguridade Social e das cotizacións realizadas no período subvencionado (boletíns de cotización á SS)
- ☐ Certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas coa administración tributaria, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (ou consentemento expreso de comprobación).
- ☐ Documento bancario acreditativo do ingreso do salario ao(s) traballador/a(s).
- ☐ Declaración responsable de axudas (anexo III)

A presentación deste anexo IV comporta a autorización ao concello de Ponteareas a realizar as actuación de comprobación e seguemento necesarias para constatar o cumprimento da finalidade desta axuda

CONSENTAMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS (se non se aportan os certificados actualizados)

Estar ao corrente coa AEAT	☐ SI	☐ NON
Estas ao corrente de pagamento con ATRIGA	☐ SI	☐ NON
Estar ao corrente de pagamento coa Seguridade Social	☐ SI	☐ NON

Sinatura, lugar e data

Sar. Alcaldesa do Concello de Ponteareas

